

Secretaría Xeral

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 3 DE SETEMBRO DE 2015.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUÍÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. JOSÉ MANUEL HERMIDA ARIAS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA

Secretaria Accidental:

D. FÁTIMA CORTIZO SEIJAS.

1.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ACTA DA SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NÚM. 35 DE DATA 31 DE AGOSTO DE 2015.

Acordouse aprobar a acta núm. 35/2015 da sesión ordinaria celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 31 de agosto de 2015, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- LICENZAS PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS.

2.1.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de pasarrúas e verbena no campo da festa de Bendoiro - Lalín, os días 5 e 6 de setembro de 2015.

2.2.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE**



Secretaría Xeral
ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS para a celebración de verbena e sesión vermú no campo da festa de Goiás - Lalín, os días 4, 5 e 6 de setembro de 2015.

2.3.- Acordouse **OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de sesión vermú e verbena no campo da festa de Moneixas - Lalín, os días 5 e 6 de setembro de 2015.

2.4.- Acordouse **A EFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS** para a celebración de sesión vermú e verbena, os días 5 e 6 de setembro de 2015, no campo da festa de Madriñán – Lalín.

3.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.


3.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“REXENERACIÓN DE PAVIMENTOS EN VIAIS E SINALIZACIÓN HORIZONTAL POLÍGONO LALÍN 2000” (CO062015)**, mediante procedemento negociado, trámite ordinario e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 123.966,94 € máis a partida de 26.033,06 € correspondente ao IVE e un prazo máximo de execución dun (1) mes, declarar urxente a tramitación deste expediente de conformidade co establecido no artigo 112 do TRLCSP, aprobar o expediente de contratación, o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e os seus Anexos e o Proxecto Técnico, e autorizar o gasto por importe de 123.966,94 € máis a partida de 26.033,06 € correspondente ao IVE, con cargo á aplicación orzamentaria núm. 153.2.619.26 do vixente Presuposto Municipal. Así mesmo, acordouse nomear Director de Obra, Coordinador de Seguridade e Saúde e Responsable do Contrato a D. José Varela Calvo, Enxeñeiro Técnico de Obras Públicas Municipal.

4.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.

4.1.- Acordouse aprobar o proxecto de obra denominado **“CONSTRUCCIÓN DUN APARCADOIRO E A SÚA INTEGRACIÓN PAIXASÍSTICA NO CONTORNO DO PAZO DE LIÑARES”** a desenvolver polo obradoiro de emprego **“Pazo de Liñares”**, redactado polo arquitecto paisaxista Martín Toimil Mato.

4.2.- Acordouse aprobar a modificación da obra inicial do Acondicionamento do





Lalínmcero



Concello de Lalín

Secretaría Xeral

Campo de Muimenta e destinar o seu importe, por razóns de urxencia e interese municipal ao “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL NO ESTADIO MANUEL A. CORTIZO E ACONDICIONAMENTO DE PISTAS CUBERTAS NO LALÍN ARENA”, acolléndose ás Bases Reguladoras do Plan Provincial de Obras e Servizos 2015, solicitando as subvencións e axudas que figuran no expediente de solicitude.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

5.1.- Acordouse autorizar a Pirotecnia Penide, S.L, para a montaxe e disparo do espectáculo de fogos artificiais na urbanización Agro de Lalín de Arriba, e poñer a súa disposición ditos terreos de propiedade municipal o vindeiro día 20 de setembro de 2015.

5.2.-Acordouse autorizar ao **titular da licenza de taxi número 29** á colocación de publicidade da empresa “*Mesón o Cruce e Carnicería Canda*”, cunhas dimensións máximas de 50 x 30 centímetros e 35 centímetros de diámetro. Referirase ao modelo presentado no Concello de Lalín xunto coa solicitude e deberá colocarse exclusivamente no exterior do vehículo, nas portas laterais traseiras ou na parte de atrás do mesmo, non podendo impedir a visibilidade nin xerar ningún tipo de perigo.

=====

